

# Mexillón de Galicia

Boletín do CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA. Número 11. Setembro de 2015.

A xustiza condena a Javimar por vulneración da DOP Mexillón de Galicia



MEXILLÓN DE GALICIA

Denominación de Orixe Protexida

## 04 Novo spot

A DOP LANZA UN NOVO SPOT PARA ALERTAR CONTRA O FRAUDE NA ETIQUETAXE

## 05 Sector

A CAMPAÑA DE FRESCO DA DOP LOGRA REXISTROS HISTÓRICOS

## 06 Mareas vermellas

FORTALECER A INVESTIGACIÓN PARA ASEGURAR O FUTURO

## EDITORIAL

# Aplicar a legalidade, nada máis

Cando algunhas conserveiras galegas empezaron a utilizar nos seus produtos molusco importado o resto da industria conserveira, consciente de que esta práctica supoñía a usurpación da reputación e notoriedade da que gozaba o mexillón galego, empezou a utilizar a mención "de las Rías Gallegas" buscando identificar e diferenciar o auténtico mexillón cultivado e transformado en Galicia. Pronto as conserveiras que procesaban molusco foráneo acabaron utilizando igual mención. Ninguén impediu que o mercado se convertese nun fraude xeneralizado ao consumidor. Así pois esta situación foi creada por unha parte da industria conserveira que ten os seus intereses no mexillón de terceiros países e, consecuentemente, defende tales intereses de xeito colectivo.



NINGUÉN IMPEDIU QUE O  
MERCADO SE CONVERTESE  
NUN FRAUDE XENERALIZADO  
AO CONSUMIDOR



Ata o de agora estiveron facendo difusión interesada de determinados contos sobre a DOP: que si afecta exclusivamente ao fresco e non abrangue á conserva, que si é mellor unha IXP, que si se pode poñer libremente fabricado en Galicia, etc. Coa sentenza do Xulgado do Mercantil de Pontevedra estas cuestións van quedar como opinións interesadas e sen fundamento. Esta situación, aparte de lesionar os dereitos do consumidor, está a debilitar ás industrias conserveiras que traballan con mexillón cultivado en

Galicia, que poderían verse abocadas a pechar as súas portas incrementando os niveis de desemprego nas comarcas dependentes do mar. Por isto, erradicar este tipo de mencións alusivas á orixe galega do mexillón converteuse nunha demanda das empresas de transformación que procesan mexillón galego.

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia veuse na obriga de dar solución a esta fraude na etiquetaxe e de engano ao consumidor, así como de reforzar o prestixio e notoriedade que ten o mexillón galego en contra de quen ilegalmente o estaba a usurpar e en beneficio das empresas que teñen dereito a el. E para elo hai un instrumento legal que son as Denominacións de Orixe, que teñen unha normativa de protección que impide que ningún produto poida facer referencia á orixe xeográfica se non está certificado polo correspondente Consello Regulador. No "caso Javimar" o que se está aplicando é a legalidade das DOPs. O resto son comentarios e opinións que non cadran dentro do campo da legalidade vixente, simples faladurías en defensa dos intereses dos que xeraron esta situación.

A partir da concesión da DOP Mexillón de Galicia por parte da UE, usar referencias á orixe galega do mexillón en calquera das súas presentacións comerciais só é legal se están inscritas no Consello Regulador, a quen corresponde o control e a certificación da autenticidade do mexillón cultivado, transformado e elaborado en Galicia. Polo tanto, esta sentenza vai cambiar necesariamente actitudes de moitos, dende operadores ata administracións.

## Mexillón de Galicia



## SUMARIO

### 02 Editorial

Aplicar a legalidade, nada máis.

### 03 Etiquetaxe

A xustiza condena a Javimar por vulneración da DOP Mexillón de Galicia.

### 04 Protección dos dereitos

A DOP e Consumidores asinan un convenio de colaboración.

### 05 Datos do sector

Rexistros históricos da campaña de fresco.

### 06 I+D

Mareas vermellas. Favorecer a investigación para garantir o noso futuro.

### 07 En Breve

Galicia concentra o maior número de empregos en acuicultura.

## Edición

CONSELLO REGULADOR DA  
DENOMINACIÓN DE ORIXE  
PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA

Avda. da Mariña, 25, 1º.  
36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

Número 11. Setembro de 2015.  
Depósito Legal: PO 23-2013

## Competencia desleal ETIQUETAXE



súa argumentación lembrando que as mencións "de las Rías Gallegas", "elaborado en Galicia" ou "envasado en Galicia" só poden ser usadas polos produtos elaborados baixo a protección da DOP, incluso si se indica a orixe verdadeira do produto, pois a protección mantense "con independencia de se o comercializado é *Mytilus Galloprovincialis* ou outro produto que poida ser considerado mexillón". Deste xeito se recoñece á DOP como a única mención legal para indicar a orixe galega do mexillón.

### NON ESTÁ NA DOP

Abundando nos seus fundamentos o fallo sostén que "o esencial é que quen non forma parte da DOP non pode amosar comercialmente o produto como procedente ou vinculado con Galicia" incluso se indica a orixe verdadeira do produto. E, posto que Javimar non está inscrita no rexistro da DOP, os seus produtos non poden facer referencia a Galicia, aínda que fora mexillón cultivado en Galicia. Este uso irregular das referencias a Galicia nas conservas constitúe, segundo o texto xurídico, unha práctica de competencia desleal contra as empresas que están inscritas no Consello Regulador.

Aínda que non é firme porque cabe recurso de apelación, a sentenza senta criterios sobre o uso de mencións referidas á orixe galega dos produtos do mexillón, calquera que sexan estes, e de respecto á normativa de protección da DOP, tanto polos operadores no mercado do mexillón como polos responsables de velar pola legalidade da súa etiquetaxe. É significativo que nos últimos anos estes argumentos sobre a DOP foron usados pola industria conserveira con intereses no mexillón de terceiros países para ter patente de corso e sentirse autorizados para facer prevalecer a súa vontade por riba de todo, sen ter a menor consideración dos perxuízos que causan na economía costeira galega. Agora esas malas prácticas son declaradas ilegais.

## A Xustiza condena a Javimar por vulneración da DOP Mexillón de Galicia

### A SENTENZA ESTIMA QUE USOU NAS SÚAS ETIQUETAS MENCIONS QUE CONSTITUEN "ACTOS DE COMPETENCIA DESLEAL"

O Xulgado do Mercantil de Pontevedra dictou unha sentenza pola que condena á empresa Javimar por usar mencións como "de las Rías Gallegas", "fabricado en Galicia" e "envasado en Galicia" nas conservas non amparadas pola Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia. O fallo, contra o que cabe recurso, considera que se produce a vulneración da normativa da DOP e que este tipo de práctica incorre en competencia desleal.

Os feitos xulgados teñen o seu inicio o 29 de outubro de 2014, data na que o Consello Regulador do Mexillón de Galicia presentaba unha demanda no xulgado contra a conserveira Javimar por facer uso nas súas etiquetas de mexillón en conserva de mencións como "de las Rías Gallegas", "fabricado en Galicia" ou "envasado en Galicia". Casi nove meses despois, o pasado 15 de xullo, o Xulgado do Mercantil de Pontevedra, daba a coñecer a re-

solución na que condenaba á mencionada empresa pola utilización de termos referidos á orixe galega e que son contrarias á normativa europea. En consecuencia, ordénalle cesar no uso de tales mencións e retirar do mercado todos os produtos e material publicitario afectado. Ademais, a conserveira deberá indemnizar ao Consello Regulador coa cantidade de 15.000 euros por danos e perxuízos.

Na súa estratexia de defensa, Javimar alegou que a DOP non lle afectaba porque só ampara o produto fresco. Sen embargo, a sentenza desacredita tales alegacións ao establecer que ao mexillón en conserva tamén se lle aplica o artigo 13 do Regulamento Europeo 1151/2012 de protección das DOPs, de xeito que calquera que sexa a presentación comercial do mexillón, este goza da protección da DOP Mexillón de Galicia.

A resolución afonda aínda máis na

# INFORMACIÓN

PROTECCIÓN DOS DEREITOS

## A DOP e Consumidores alíanse para reclamar unha etiquetaxe clara e veraz



O Consello Regulador Mexillón de Galicia e a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) asinaron un acordo de colaboración para dar unha resposta conxunta a un problema común: a fraude e a ocultación de información na etiquetaxe das conservas de mexillón.

Consumidores e Mexillón de Galicia comparten a preocupación pola falta de transparencia na información alimentaria de moitos produtos transformados do mexillón. Os primeiros porque ven menoscabados os seus dereitos e o segundo porque as malas prácticas na etiquetaxe compromete a viabilidade socioeconómica do sector.

Ante esta situación o presidente do Consello Regulador Mexillón de Galicia, Francisco Alcalde, e a presidenta da Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL), Ana Olveira, asinaron un convenio que inclúe a planificación e realización de diversas actividades na procura dun

obxectivo común: reclamar unha etiquetaxe clara e veraz.

O Consello ten detectado que a realidade da etiquetaxe das conservas e produtos transformados

do mexillón colisiona coa normativa europea de protección da que goza o Mexillón de Galicia con Denominación de Orixe Protexida e ademais ocultan información na etiquetaxe. E por outra parte, a Unión de Consumidores de Galicia ten como obxectivo a defensa dos dereitos dos cidadáns, especialmente no que refire á súa información sobre os artigos que se consumen. O acordo ten como obxectivo acadar un marco estable de colaboración e coordinación nos eidos da información e a formación dos consumido-

res que garanta a protección dos seus dereitos e, de xeito paralelo, a defensa do tecido socioeconómico do Mexillón de Galicia. Así mesmo preténdese divulgar entre a cidadanía os produtos galegos de calidade diferenciada, e máis concretamente a Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia.

### ESTUDIO DE MERCADO

No mesmo acto anunciou-se que unha das primeiras accións conxuntas que está prevista é a realización dun estudo de mercado da etiquetaxe das conservas de mexillón. Ademais, a UCGAL e o Consello Regulador tamén se comprometen a realizar campañas de sensibilización, a cooperar en actividades de formación e transferencia de coñecemento.

## MEXILLÓN DE GALICIA LANZA UN SPOT PARA ALERTAR ÓS CONSUMIDORES DOS ENGANOS NA ETIQUETAXE

O Consello Regulador Mexillón de Galicia presentou en Santiago o lanzamento dun spot como parte dunha campaña de sensibilización contra a fraude na etiquetaxe das conservas de mexillón.

Esta nova acción informativa veu a luz no mes de xullo e ten como finalidade chamar a atención da poboación sobre as etiquetas enganosas das conservas, de xeito que saiban reconecer sen posibilidade de erro a única marca que garante a orixe galega do mexillón, e dicir, o distintivo da DOP.

Co suxerente título de "Mexillón de Galicia, marisco de etiqueta", o vídeo resume en pouco máis dun minuto as infraccións máis comúns na etiquetaxe deste produto. Unha delas é a utilización de reclamos comerciais do tipo "de las Rías Gallegas" ou "sabor a Galicia" en etiquetas que non están certificadas pola DOP, unha práctica que infrinxe a normativa europea. O vídeo, creado

polo realizador galego Pablo Chouza, está dispoñible en galego con subtítulos en castelán e inglés. Difundíronse tamén



O VÍDEO LEVA MÁIS DE 38.000 REPRODUCCIÓNS NAS REDES SOCIAIS

a través das redes sociais e dos móbiles e pódese ver na canle de Youtube de Mexillón de Galicia.

## INFORMACIÓN

## DATOS DO SECTOR

A CAMPAÑA DE FRESCO DA DOP  
ALCANZA REXISTROS HISTÓRICOS

A presenza da marca Mexillón de Galicia nas peixerías de toda España segue crescendo de maneira incontestable. A campaña "Namórate dun galego" que o Consello Regulador volve poñer en marcha para promover o consumo en fresco do auténtico mexillón galego alcanza este ano cifras substancialmente superiores ás de edicións anteriores.

Trátase dunha iniciativa moi ambiciosa que, como en ocasións precedentes, conta co respaldo da distribución. De feito, este ano se incorporan novas cadeas e puntos de venda. Nomes tan relevantes como Alcampo+Sabeco (grupo Auchan), Consum, El Arbol + La Plaza, El Arco, El Corte Inglés, Froiz, Gadisa, Supermercados Lupa y Telco (grupo Semark), Vegalsa-Eroski participan nesta iniciativa á que se suman tamén as peixerías tradicionais. En total contabilízanse 2.160 puntos de venda, 496 en Galicia e 1.664 no resto de España. A información que os consumidores poden atopar nas peixerías susténtase en diferentes formatos. Desde trípticos con recetarios (485.000 exemplares) ata diferentes tipos de cartelería (5.010 de papel e 1.509 colgantes), sen esquecer os pinchos de xeo (2.705). Todo este material preséntase en galego e castelán.

Para lograr a maior cobertura recorreuse a outros soportes como valos de publicidade, anuncios en radio, televisión e prensa, ademais de Internet.

Con esta campaña, coa que colabora a Consellería do Medio Rural e do Mar, o Consello Regulador pretende reforzar a venda de mexillón fresco e familiarizar aos consumidores coa etiqueta da DOP, de maneira que a identifiquen con facilidade e coñezan as garantías de calidade e seguridade que achega tal distintivo.



CADEA DE DISTRIBUCIÓN	PUNTOS DE VENTA
Alcampo + Sabeco (grupo Auchan)	180
Consum	450
El Arbol + La Plaza	498
El Arco	78
El Corte Inglés	188
Froiz	196
Gadisa	227
Supermercados Lupa y Telco (grupo Semark)	145
Vegalsa-Eroski	156
Peixerías tradicionais	42
<b>TOTAL PUNTOS DE VENTA</b>	<b>2.160</b>
Galicia	496
Resto España	1.664

MATERIAL	UNIDS.
Trípticos Recetarios Galego	94.000
Trípticos Recetarios Castelán	391.500
<b>TOTAL TRÍPTICOS RECETARIOS</b>	<b>485.500</b>
Cartel (papel) Galego	1.090
Cartel (papel) Castelán	3.920
<b>TOTAL CARTEL (papel)</b>	<b>5.010</b>
Cartel colgante	1.509
<b>TOTAL CARTEL COLGANTE</b>	<b>1.509</b>
Pincho Xeo Galego	746
Pincho Xeo Castelán	1.959
<b>TOTAL PINCHO XEO</b>	<b>2.705</b>

Ademais, a campaña inclúe valados e publicidade en prensa, radio, tv e internet en Galicia.

## RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

## ROSA QUINTANA NO CONSELLO REGULADOR


**A conselleira do Medio Rural e do Mar**, Rosa Quintana, efectuou en xullo unha visita ó Consello Regulador para coñecer ós novos membros do Pleno deste órgano de xestión resultado das últimas eleccións. Trala presentación dos representantes da transformación, depuración e cultivo, o presidente do Consello realizou un relatorio dos resultados da DOP ó longo de 2014. Francisco Alcalde explicou a evolución dos derradeiros anos e a tendencia de futuro segundo os obxectivos que o

Pleno fixou para o período 2015-2019, entre os que salientou a elaboración dun regulamento acorde coa nova lexislación, as circunstancias do mercado e as condicións do sector; a consolidación definitiva da DOP coa posta en marcha de campañas de comunicación dirixidas ós consumidores que incidan nas vantaxes que supón esta marca de calidade, ademais do deseño e execución de plans de mellora da calidade; a potenciación da investigación dende o Consello; e a protección dos dereitos e intereses dos



consumidores e da DOP. Alcalde solicitou á conselleira respaldo para levar adiante estas intencións. Pola súa banda, Quintana refrendou a boa marcha da DOP, remitíndose ás cifras aportadas polo presidente do Consello.

## I+D *Mareas Vermellas*



### FORTALECER A INVESTIGACIÓN PARA GARANTIR O NOSO FUTURO

#### UN ANO MÁIS AS MAREAS VERMELLAS CASTIGAN AO MEXILLÓN EN GALICIA

Como ocorreu en 2013 e 2014, dende que entrou a primavera xa levamos encadeados dous grandes peches que afectaron a todos os polígonos de produción de mexillón. Tamén, como ven sucedendo en anos precedentes, durante estes episodios xorden numerosas dúbidas respecto dos múltiples aspectos deste complexo fenómeno: as súas causas, o control e os seus protocolos, e incluso sobre os seus niveis.

O que parece claro é que nestes últimos anos constatamos unha maior incidencia das mareas vermellas, que duran máis tempo, afectan a máis polígonos e ademais orixinan extensos peches das zonas de produción dos moluscos infaunais (ameixas, berberechos, navallas...). Pero seguimos sen saber cales son as causas que hai detrás da intensificación deste fenómeno. Algúns falan de cambio climático, outros da ausencia dun correcto saneamento das rías, ou do cambio das correntes. Hai quen lle bota a culpa á menor entrada de auga doce nas rías, á xestión dos lodos de

portos e de encoros ou aos produtos fitosanitarios que se empregan cada día máis nas terras costeiras. Non sabemos que papel poden estar a xogar estes factores ou outros nesta realidade. Tampouco podemos asegurar que esta maior incidencia é unha tendencia que se vai manter ou incluso acentuar en anos vindeiros ou polo contrario é algo cíclico reversible.



#### HOXE É NECESARIO REFORZAR O LABORATORIO DO CONSELLO REGULADOR COS MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS NECESARIOS

Por outro lado descoñecemos o que está a ocorrer noutras augas e costas de características similares ás nosas nas que tamén se cultivan moluscos.

Xorden ademais outras cuestións como: ¿que podemos facer para mellorar os sistemas de control? ¿Cómo reducir os problemas de devolucións de produto, destrución de lotes...? ¿como interpretar as incertezas dos métodos de análise? ¿como se realiza o control noutros países? ¿como se fai o control dos produtos elaborados e transformados nos postos de inspección fronteiriza? ¿en base a que datos se estableceron os niveis legais? ¿a que concentración de toxina se corresponde un bioensaio de 5h, de 12h ou de 24h? ¿é certo que en países como en Nova Zelandia ou en Canadá o nivel para as DSP é maior que o marcado na UE?...

A marea vermella é un fenómeno recorrente nas nosas costas que ten múltiples facetas e que nos está a condicionar. Ante este tipo de problemas complexos que afectan a todo o Mexillón de Galicia, debemos ser sistemáticos na súa análise, constantes no seu estudo e sobre todo realizar investigación propia que nos permita desenvolver solucións para beneficio de todos. Non debemos deixar en mans de terceiros o control e as investigacións que poden comprometer o noso futuro.

A principios deste século, con visión de futuro, se investiu na creación do laboratorio do Consello Regulador, o que nos permitiu desenvolver as metodoloxías de identificación xenética coas que hoxe loitamos contra a fraude nos elaborados e transformados de mexillón. Porque é claro que se non o facemos nos, ninguén o fará por nos. Hoxe é necesario reforzar o laboratorio do Consello Regulador cos medios humanos e materiais necesarios para mellorar no coñecemento científico das mareas vermellas e no seu control. Se queremos avanzar nesta problemática hai que centrar os nosos esforzos en fortalecer o laboratorio do Consello Regulador, que debe liderar a procura de solucións para o conxunto do Mexillón de Galicia.

## EN BREVE

**GALICIA CONCENTRA  
O MAIOR EMPREGO  
NA ACUICULTURA  
ESPAÑOLA**

Galicia está á cabeza da produción acuícola nacional e, en consecuencia, é a comunidade na que se concentra a maior parte do emprego que se xera a través desta actividade. Esta fortaleza susténtase fundamentalmente no cultivo do mexillón.

A última Enquisa de Establecementos de Acuicultura do Ministerio de Agricultura sinala que oito de cada dez postos de traballo da acuicultura

en España están en Galicia. En cifras, serían 15.145 empregos dun total de 18.800.

O 65% deses postos de traballo xerados en Galicia (9.859) estarían integrados por persoas non asalariadas pertencentes fundamentalmente ao sector do mexillón, mentres que o 35% restante (5.300) corresponderían a man de obra por conta allea. A importancia deste sector no resto de España é moito menor, xa que concentra o 19,5% de emprego. A acuicultura mariña acapara o 96% dos empregos do sector, con 18.011 traballadores, mentres que a continental contabiliza 794.

**UN NOVO DESEÑO  
PARA O BOLETÍN**

O Boletín Informativo do Consello Regulador Mexillón de Galicia estrea deseño. A publicación, que viu a luz en febreiro de 2013, cambia para chegar non só un sopro de modernidade, senón tamén facilitar a lectura dos seus contidos.

Para conseguilo incorpóranse novos elementos tipográficos e de estilo (tipo de letra, sumarios, cores...) coa intención de lograr unha maior claridade e orde nas informacións.

O que non varía é o seu espírito, fundamentado na rigorosidade e no seu



carácter inclusivo, xa que, desde os seus inicios, nos sucesivos números desta revista houbo espazo para todos os actores do sector que axudan a ter unha visión integral desta industria. Xa de forma máis simbólica, o novo deseño quere representar tamén a determinación de todos os que integramos este sector por afrontar os retos aos que nos enfrentamos con renovadas forzas.

**PRESENZA DA  
ADMINISTRACIÓN  
GALEGA EN  
NORUEGA**

Unha delegación da Consellería do Medio Rural e do Mar, entre os que se atopaban o secretario xeral do Mar, Juan Carlos Maneiro, e a directora xerente do Centro Tecnolóxico do Mar, Paloma Rueda, estivo no foro Aqua Nor que se celebrou en agosto na cidade norueguesa de Troldeheim. A súa intervención centrouse nas posibilidades que ofrece Galicia para a acuicultura, destacando a aposta da administración por esta actividade. Salientaron as oportunidades de investimentos en acuicultura e subliñaron o compromiso da Xunta no establecemento de novas empresas acuícolas.

Neste senso, destacaron a posta en marcha da Estratexia Galega de Acuicultura (ESGA), documento que rexerá a planificación e xestión da actividade acuícola na nosa comunidade cara ao horizonte do 2030, así como a futura Lei de Acuicultura de Galicia.

## EN IMAXES

**PRESENTACIÓN DA LEI DE ACUICULTURA**

O **secretario xeral do Mar**, Juan Carlos Maneiro, anunciou a presentación da Lei de Acuicultura de Galicia para o seu debate parlamentario.

**MELLORAS NA SEDE DE MEXILLÓN DE GALICIA**

No **edificio Mexillón de Galicia** realizáronse obras de remodelación e acondicionamento tralo acordo asinado polo Consello Regulador e a Deputación Provincial de Pontevedra.

"Dame un punto de apoio  
e moverei o mundo"

Arquímedes



**XUNTOS CONSEGUIMOS MÁIS.**